

BASES DO CONCURSO "ENCHE BETANZOS DE GLOBOS" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Abierto (ACEBE CCA) convoca o concurso "ENCHE BETANZOS DE GLOBOS".

PARTICIPACIÓN

Pode participar calquera persoa que o desexe. Para participar terás que seguir os seguintes pasos:

1. Confecciona un globo do formato que queiras: maqueta, manualidade, fotografía, cartel, etc.
2. Fai unha fotografía do globo e entrégaa nun establecemento asociado a ACEBE CCA para que expoñan a imaxe no seu escaparate. Tamén podes deixar o orixinal en aqueles establecementos que teñan sitio ou que estean dispostos a expoñelos (consulta previamente co responsable do establecemento). Podes consultar a lista de negocios asociados a ACEBE CCA na web www.comerciodebetanzos.com.
3. Envía a fotografía, xunto cos datos persoais do autor do globo (nome e apelidos e teléfono de contacto) ao correo electrónico: betanzosacebe@gmail.com ou por whatsapp ao número 618829804. O prazo para enviar as fotografías remata o 27 de agosto de 2023.
4. O xurado, composto por membros da xunta directiva de ACEBE CCA reunirse o día 29 de agosto para valorar as fotografías e elixir as gañadoras. A asociación contactará coas persoas gañadoras para comunicarlles o premio que recibiron. O resultado do concurso publicitarase a través das redes sociais de ACEBE CCA e na edición de setembro do periódico "Betanzos e a súa comarca".

PREMIOS

Establécense 3 premios, en forma de acebecheques para consumir en calquera dos establecementos asociados a ACEBE CCA:

- 1º Premio: 100 euros en acebecheques.
- 2º Premio: 50 euros en acebecheques.
- 3º Premio: 30 euros en acebecheques.

Os premios foron aportados polo Concello de Betanzos, colaborador deste concurso.

PREMIADOS

Unha vez que o xurado determine as tres fotografías gañadoras, persoal de ACEBE CCA comunicárase coas persoas gañadoras para coordinar a entrega do premio.

A data límite para recoller o premio é o venres **15 de setembro de 2023**.

A data límite para canxear o acebecheque é o **8 de outubro de 2023**. O premio obxecto do presente concurso estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

Os acebecheques só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA. Cada acebecheque deberá ser canxeado integramente nunha compra ou consumición de importe igual ou superior ao valor do mesmo. Se a compra ou consumición fose de importe inferior ao acebecheque non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Nno se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

CONDICIÓNS XERAIS DO CONCURSO

As persoas participantes comprométese a enviar fotografías de globos realizados por elas mesmas. Os premios só se entregarán a ás persoas que realizaran a maqueta, manualidade, debuxo, etc.

A persoa premiada cede os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionado co concurso "ENCHE BETANZOS DE GLOBOS" de ACEBE.CCA.

Non poderán participar no concurso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. O premio só poderá ser entregado a persoas maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Los concursantes poderán consultar as bases do presente concurso durante o período en que estea vixente na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das bases.

Utilización publicitaria do nome do gañador e Protección de datos

O premiado cede os seus datos e dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionado co concurso "ENCHE BETANZOS DE GLOBOS" de ACEBE.CCA sen que esta utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún. A participación no concurso implica a aceptación desta cláusula.

Fraude

No caso de que se detectara calquera anomalía ou se sospeite que un participante está impedindo o normal funcionamento do concurso, este será eliminado do mesmo.

Toda cuestión que puidera xurdir na interpretación ou aplicación das presentes bases será resolta pola organización do concurso, e asimesmo reservándose o dereito a emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen un acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos de carácter persoal proporcionados polo gañador do presente concurso (nome e apelidos, DNI e teléfono), serán tratados coa finalidade de xestionar o desenvolvemento do presente concurso, permanecendo nun ficheiro cuxo responsable é ACEBE CCA. Devanditos datos serán conservados durante o período de desenvolvemento da acción promocional. O gañador autoriza expresamente a ACEBE CCA a difundir o seu nome e apelidos nas reportaxes fotográficas, informativas e promocionais relacionadas co concurso "ENCHE BETANZOS DE GLOBOS".

O participante poderá exercer en calquer momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos, dirixíndose a ACEBE CCA. á Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1. 15300 - Betanzos (A Coruña), a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do D.N.I. Así mesmo, ten dereito a presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.